



PROGRAMACIÓN DE REPENTIZACIÓN E
ACOMPAÑAMIENTO DE GUITARRA

(GRAO PROFESIONAL)

DEPARTAMENTO DE MUXICOLOXÍA

INDICE

1. Introducción	3
2. Obxectivos das ensinanzas	4
2.1.Obxectivos xerais do Grao Profesional.....	4
3. Obxectivos específicos	5
3.1.Grao Profesional.....	5
4. Metodoloxía	5
5. Atención ádiversidade	6
6. Temas transversais	7
6.1.Educación en valores.....	7
6.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	7
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	7
8. Secuenciación do curso	8
Cursos: 5º e 6º GP	8
8.1.Obxectivos	8
8.2.Contidos	8
8.3.Avaliación.....	9
8.4.Medidas de recuperación.....	11
8.5.Recursos didácticos.....	12

1. INTRODUCCIÓN

O acompañamento é unha materia específica para a especialidade de piano, calve, órgano, arpa e guitarra, que se sitúa temporalmente o longo do grao profesional. Con esta materia preténdese ter un coñecemento da guitarra diferente e á vez complementario do que proporciona o estudo do repertorio, propio da clase de instrumento, que relacione contidos de armonía, educación auditiva, improvisación, lectura. A importancia desta materia reside na necesidade do guitarrista de coñecer os elementos que cosntrúen a música para poder abarcar o repertorio de grandes proporcións e complexidade que este instrumento posúe.

Dende o punto de vista de preparación para o mundo profesional, o guitarrista debe estar preparado non só para interpretar o repertorio, senón para a lectura raída que lle habilite como acompañante, o manexo armónico para imrpovisar.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total libertade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

2. OBXECTIVOS DAS ENSIANZAS

2.1. Obxectivos xerais do Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en publico con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.1. Grao Profesional

O ensino da repentización e acompañamento no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Recoñecer a estrutura e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento
- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedemento harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, asó como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión etc para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura á primeira vista.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

4. METODOLOXÍA

Mediante o traballo das distintas partes desta materia, preténdese que o alumno domine e entenda o seu instrumento e que lle permita poder expresarse musicalmente na súa totalidade no nivel deste curso. Para ello nos servimos de distintas pezas de música que creen conflitos progresivamente maiores para que o alumno poida resolvelos con total autonomía ao finalizar o curso. Repartirase o traballo ao longo do mesmo según o traballo realizado polo alumno e o seu desenvolvemento das capacidades auditivas.

Farase especial fincapié na lectura a primeira vista, tanto de notación solfística como nas distintas tablaturas, xa que é un dos apartados mais importantes desta materia para o alumno de guitarra.

Realizaranse exercicios de improvisación nas distintas tonalidades propostas polo profesor a cada alumno, así como diversos exercicios escritos e diferentes propostas da parte da materia de acompañamento.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

Alumnado estranxeiro

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúñas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se se considera ese caso tomáranse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

6. TEMAS TRANSVERSAIS

6.1. Educación en valores

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración, o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

7. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

8. SECUENCIACIÓN DO CURSO

Os obxectivos e contidos dos diferentes cursos terán unha secuencia de carácter trimestral.

Tendo en conta o carácter individualizado das clases, o profesorado fará dita secuencia en función das necesidades e progresos do seu alumnado.

CURSOS: 5º e 6º GP

8.1. OBXECTIVOS

§ Desenrolar a habilidade de repentizar obras de dificultade progresiva, que permita perfeccionar, tanto a capacidade de automatismo, como a velocidade na lectura.

§ Practicar a lectura a primeira vista de partituras con carácter solista, de acompañante ou en conxuntos instrumentais de diversos estilos e autores ou de fragmentos escritos para tal finalidade.

§ Valorar e desenvolver a capacidade de resposta ante diversas dificultades técnicas e interpretativas: aspectos rítmicos- tonais- tímbricos- articulatorios- abreviaturas- ornamentais, etc.

§ Valorar e fomentar o análise comprensivo da música como medio indispensable para unha comunicación artística de calidade e unha interpretación comprensiva.

§ Mellorar a capacidade da dixitación repentizada e da lectura por diante.

§ Aumentar o coñecemento do repertorio do seu propio instrumento.

§ Coñecer a técnica e a mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, e a súa utilidade práctica.

§ Coñecer e practicar o baixo cifrado.

§ Improvisar sobre bases harmónicas e variantes melódico-rítmicas sobre un ou máis acordes.

8.2. CONTIDOS

Repentización

§ Interpretación con criterios históricos de diversos xéneros e estilos musicais tanto coma instrumento solista coma acompañante.

§ Formulacións estéticas, interpretativas, comunicativas, analíticas, etc. de distintos estilos dende o Renacemento, por exemplo na guitarra, o Barroco no piano, hasta a música contemporánea no acordeón.

§ A interpretación: relación entre a técnica mecánica e a técnica de lectura comprensiva. A simplificación en fragmentos que pola súa dificultade así o requiran.

§ A análise a vista : elementos formais, esquema tonal o modal, puntos de tensións e distensións, estudo de ornamentos.

§ A dicitación repentizada. A importancia dunha dicitación coherente para facilitar a lectura.

§ Clasificación e valoración de dificultades técnicas e interpretativas e forma de superalas.

§ O tempo adecuado. Estudo do carácter e os tempos adecuados para unha interpretación significativa.

§ O hábito de lectura . A lectura por diante.

§ A lectura a vista como elemento integrador para a formación completa dun bo músico.

§ A lectura a vista como recurso de gran utilidade para fomentar a creatividade e musicalidade, así coma para favorecer a rapidez no estudo e no exercicio do acompañamento.

§ A lectura a vista como instrumento pedagógico

Acompañamento

§ Práctica de exercicios de improvisación cun ou máis acordes e variantes rítmicas de progresiva dificultade.

§ Improvisación e escritura de frases sobre bases harmónicas ou melodías dadas.

§ Análise aplicado a improvisación de partes harmónicas e melódicas.

§ Coñecemento e práctica do baixo cifrado.

§ Coñecemento e práctica do baixo americano.

§ Traballo sobre temas da música popular, jazz, blues...

§ Práctica da técnica e mecánica do transporte: transporte de exercicios musicais a calquera tonalidade; transporte de exercicios de baixo cifrado; transportar a solo coma en acompañamento.

§ Práctica de exercicios de baixo cifrado ou baixo americano, acompañando a unha melodía.

§ Realización de exercicios preparatorios de lectura de dúos, tríos e cuartetos coa finalidade de reducilos a un so instrumento.

8.3. AVALIACIÓN

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado. Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos. Criterios de avaliación

8.3.1. Criterios de avaliación

§ Completar o programa establecido para o curso.

§ Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual así como a adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

§ Amosar interese polas diferentes materias que conforman o currículo do ensino musical.

§ Asistir, na medida do posible, ás actividades musicais organizadas polo conservatorio así como por outras entidades culturais.

§ Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

§ Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.

§ Improvisar sobre bases harmónicas e variantes melódicas: aplicar técnicas de improvisación pregunta-resposta, analizar e improvisar acompañamentos a melodías dadas, recoñecer e desenvolver partes harmónicas e melódicas, etc.

§ Ler a primeira vista fragmentos e obras musicais de dificultade progresiva.

§ Usar a técnica do transporte para desenvolver e mellorar as capacidades e recursos musicais coma intérprete: transportar pequenos fragmentos a segundas e terceiras, maiores e menores (ascendente e descendente), practicar o transporte de melodías usando distintas claves, etc.

§ Uso do baixo cifrado: para realizar un acompañamento a unha melodía ou completar un exercicio musical proposto polo profesor.

§ Coñecer e usar o baixo americano para acompañar unha melodía.

§ Ser capaz de reducir a vista algún dúo ou trío sinxelo.

8.3.2. Mínimos esixibles

§ Improvisar sobre bases harmónicas e variantes melódicas

§ Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

§ Mostrar un aprendizaxe progresivo froito do traballo e estudo na casa e da asistencia e interese pola materia na clase

§ Transportes de exercicios a segundas ou terceiras, maiores e menores, ascendentes ou descendentes.

§ Uso do baixo cifrado: para realizar un acompañamento a unha melodía ou completar un exercicio musical proposto polo profesor.

§ Coñecer e usar o baixo americano para acompañar unha melodía.

§ Ser capaz de reducir a vista algún dúo ou trío sinxelo.

8.3.3. Procedementos e ferramentas de Avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado que se utilizarán na aula serán os seguintes:

· Para a realización da avaliación continua o profesorado utilizará un diario de clase, que recollerá os aspectos que así considere en función do proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

. O profesorado terá como instrumentos de avaliación os seguintes:

Traballo individual do alumnado: segundo o recollido no diario de clase.

Audicións de aula: realizadas coa periodicidade que estime o profesorado.

As actividades que o profesorado estime conveniente: audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursiños, intercambios, etc.

8.3.4. Criterios de cualificación

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado. Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos.

A cualificación do alumnado recollerá a valoración dos seguintes aspectos:

Asistencia a clase: 10%

Improvisación: 20%.

Repentización: 25%.

Transposición: 20%.

Baixo cifrado/americano: 25%

8.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Estes criterios basearanse nos obxectivos marcados para o curso actual e terán en conta a capacidade do alumno ou alumna que opta á ampliación de acadar os obxectivos do curso seguinte.

8.4. Medidas de recuperación

O alumnado que despois de superar o límite de 4 faltas non xustificadas por trimestre perda o seu dereito á avaliación continua, poderá presentarse a unha proba extraordinaria que se realizará antes da última xunta de avaliación.

8.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A proba consistirá en un conxunto de exercicios propostos polo profesor, no que se tratarán de integrar todos os contidos da materia dunha forma representativa, valorándose do seguinte xeito:

- Improvisación: 20%
- Baixo Cifrado/Americano: 25%
- Repentización: 20%
- Transporte: 15%
- Melodía Acompañada: 20%

8.4.2. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivera avaliación positiva poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de setembro. Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no Informe de Avaliación Negativa elaborado no mes de xuño polo profesorado da materia.

8.5. Recursos didácticos

Guitarra, ordenador, reproductor MP3, altavoces.

Bibliografía:

- The Guitarist's Scale Book (Peter Vogl)
- Picture Chord Encyclopedia (Hal.Leonard)
- The Complete Method For Classic Guitar (Mel Bay)
- A Modern Method For Guitar (William Leavit)
- Teoría Musical y Armonía Moderna Vol.1 y 2 (Enric Herrera).
- Major and Minor Vol.24 (Jamey Aebersold).
- Chord Progressions For Guitar (Tom Kolb)
- Partituras de diferentes compositores.
- Vacaciones: CD's, DVD's, YouTube.